



MEMORIAL

JUANJO AMOEDO

20 FESTIVAL INTERNACIONAL

DE TÍTERES DE REDONDELA

13~19 maio 2019

Organiza

Patrocinan



CULTURA
Concello de Redondela

AGADIC



festivaltiteresredondela.es

~~~~~ CAMPAÑA ESCOLAR ~~~~~

Luns, 13 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio de Chapela. "La Historia de un huevo perdido" Ocelot (El Salvador)

Martes, 14 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Una historia sobre el Tiempo" Pavel Šmíd (R. Checa)

Mércores, 15 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "La Historia de un huevo perdido" Ocelot (El Salvador)

Xoves, 16 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Recreo" Títeres Sin Cabeza (Aragón)

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~~~~~

Martes, 14 de maio.....
21.00h. Auditorio da Xunqueira. Proxección do documental "20 anos...non é nada"

Mércores, 15 de maio.....
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Desde el Azul" Inés Pasic (Perú-Bosnia) +12

Xoves, 16 de maio.....
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "10 años de sombras" Valeria Guglietti (Arxentina) +7

Venres, 17 de maio.....
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "Recreo" Títeres Sin Cabeza (Aragón) +6
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Fin de tempada" Cinema Sticado (Galicia) +14

Sábado, 18 de maio.....
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "Pérez, el Ratoncito, no nace, se hace" Titirigui (Madrid) +4
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Del Lazarillo de Tormes" La Chana (Castela-León) +14

Domingo, 19 de maio.....
17.00h. e 21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Antología" Jordi Bertrán (Cataluña) +6

Apertura da billeteira o martes 14 ás 19.00h. (manterase este horario durante o resto do Festival).
Venres, sábado e domingo tamén abrirá ás 16.00h. Poderanse mercar entradas para calquera función.
Prezos: nen@s 4€/Adult@s 6€, agás o martes 14: Documental 2€ e Théâtre Jaleo 5€

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

Xoves 16 de maio. Especial vésperas

19.00h. Praza do Concello. "Dondésh y Pitón" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador

Venres 17 de maio. Especial día das Letras Galegas

12.00h. Pista da Xunqueira. "Casa dos Xogos" (Espazo Lúdico) até as 14.00h. Galicia

12.00h. Casa da Torre. Acto Institucional.

12.30h. Alfonso XII-Soportais. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica

13.00h. Praza do Concello. "Jiñol" Trompicallo Títeres. 55'. Galicia

14.00h. Soportais. The Turres Band (Música). 30'. Galicia

17.00h. Pista da Xunqueira. "Casa dos Xogos" (Espazo Lúdico) até as 21.00h. Galicia

17.30h. Rúa Salgueiral. "La Historia de un huevo perdido" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador
Alfonso XII. The Turres Band (Música). 45'. Galicia

18.00h. Praza do Concello. "Jiñol" Trompicallo Títeres. 55'. Galicia
Campo da Petanca. "El Caballero sin Caballo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina

18.30h. Alameda. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica
Ribeira-Alfonso XII. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria

19.00h. P. da Torre-Ribeira. "Caballs de Menorca" Tutatis Teatre (Itinerante). 50'. Cataluña

20.00h. Casa da Torre. "Bravas. O rexurdir da luz" A Gramola Gominola (Música). 60'. Galicia
Alameda. The Turres Band (Música). 45'. Galicia
Paseo da Xunqueira. Relámpago. (Música). 45'. Galicia

20.30h. Rúa Salgueiral. "La Historia de un huevo perdido" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador 

21.00h. Campo da Petanca. "El Caballero sin Caballo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina
P. da Torre-Alfonso XII. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica

22.15h. Paseo da Xunqueira. The Turres Band. (Música). 45'. Galicia

22.15h. Alfonso XII-Ribeira. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

Sábado 18 de maio. Especial XX edición

- 13.00h. Praza do Concello. "La Historia de un huevo perdido" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador
- 17.00h. Pista da Xunqueira. "A casa dos xogos" (Espazo Lúdico) até as 21.00h. Galicia
- 17.30h. Praza do Concello. "A todo trapo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina
- 18.00h. Pista da Xunqueira. "A voar" Cé orquestra pantasma (Concerto). 45'. Galicia
Soportais-Alfonso XII. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica
Alameda. "Dondésh y Pitón" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador
- 18.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Rum Rum...Trasto Karts" Xip-Xap Teatre (Itinerante). 45'. Cataluña
- 19.00h. Campo da Petanca. "Fuenteovejuna" Sol y Tierra Títeres. 50'. Madrid
Alfonso XII-Ribeira. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria
- 19.30h. Rúa Salgueiral. "Tuga, hace el payaso" Títeres Sin Cabeza. 50'. Aragón
Alameda. "Dondésh y Pitón" Ocelot Títeres. 45'. El Salvador 
- 20.00h. Casa da Torre. "El Tesoro de la Serpiente Guaguadú" Mutis Teatro. 60'. Castela-León
Pista da Xunqueira. "A voar" Cé orquestra pantasma (Concerto). 45'. Galicia
- 20.30h. Praza do Concello. "A todo trapo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina
Alfonso XII-Soportais. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica
- 21.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Rum Rum...Trasto Karts" Xip-Xap Teatre (Itinerante). 45'. Cataluña
- 21.30h. Soportais-Ribeira. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria
- 22.15h. P. da Torre-Alfonso XII. "Tambours de feu" Deabru Beltzak (Itinerante). 50'. País Vasco

Exposición "Marionetas do Mundo. Un Mundo de Marionetas"
do Museo Galego da Marioneta e Viravolta Títeres. No Multiúsos da Xunqueira

Especial TitiriNoite. "Edén" Théâtre Jaleo (Francia) +10
Avenida Mendiño (Parking depuradora). Aforo limitado. Prezo especial: 5 €
Días: 16, 17, 18 e 19 ás 23.00h., o 17 e o 18 tamén ás 20.30h.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

Domingo 19 de maio. Especial XX edición

- 11.45h. A Portela-Ribeira-Casa do Concello. Ruada "Redondela é un conto"
Nesta edición, queremos facer de Redondela un lugar máxico cheo de personaxes fantásticas saídas dos contos, da tradición oral, do cómic ou do cine de animación... convidámosvos a vir vestidos de calquera personaxe fantástica que queirades.
Coa colaboración de: MG Producciones, Xip Xap Teatre, e Educateatro
- 12.00h. Pista da Xunqueira. "A casa dos xogos" (Espazo Lúdico) até as 14.00h. Galicia
- 12.30h. Praza do Concello. "El Caballero sin Caballo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina
- 13.00h. Soportais. "Granujas a todo ritmo" MG producciones. (Música). 30'. Cantabria
- 13.30h. Alfonso XII-Soportais. "Le Flamant Rose" Compagnie Machtiern (Itinerante). 30'. Francia
- 17.00h. Pista da Xunqueira. "A casa dos xogos" (Espazo Lúdico) até as 21.00h. Galicia
- 17.30h. Alfonso XII-Soportais. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica
Praza do Concello. "Dondésh y Pitón" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador 
- 18.00h. Pista da Xunqueira. "Radio BuleBule" Paco Nogueiras (Concerto). 50'. Galicia
Alfonso XII-Ribeira. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria
Alameda. "El Caballero sin Caballo" Pizzicatto Títeres. 30'. Argentina
- 18.30h. Soportais-Ribeira. "Le Flamant Rose" Compagnie Machtiern (Itinerante). 30'. Francia
Alfonso XII-Ribeira. "Rum Rum...Trasto Karts" Xip-Xap Teatre (Itinerante). 45'. Cataluña
Campo da Petanca. "Fuenteovejuna" Sol y Tierra Títeres. 50'. Madrid
- 19.00h. Rúa Salgueiral. "Dona Barriga Verde" Larraitz Urruzola. 45'. Galicia
Praza do Concello. "La Historia de huevo perdido" Ocelot Teatro. 45'. El Salvador 
Casa da Torre. "El Tesoro de la Serpiente Guaguadú" Mutis Teatro. 60'. Castela-León
- 19.30h. Pista da Xunqueira. "Radio BuleBule" Paco Nogueiras (Concerto). 50'. Galicia
Alfonso XII-Soportais. "Octaaph" Les Contes d'Asphaldt (Itinerante). 30'. Bélxica
- 20.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Rum Rum...Trasto Karts" Xip-Xap Teatre (Itinerante). 45'. Cataluña
Ribeira-Alfonso XII. "Granujas a todo ritmo" MG Prod. (Itinerante). 45'. Cantabria
- 20.30h. Ribeira-Casa da Torre. "Le Flamant Rose" Cíe Machtiern (Itinerante). 30'. Francia



Julio Michel (In Memoriam)

Dende a Asociación Xente Titiriteira e todo o Festival Internacional de Títeres de Redondela queremos render un cariñoso recordo a Julio Michel, creador e director do Festival Titirimundi de Segovia que recentemente nos deixou.

Un titiriteiro comprometido e visionario que sempre colaborou con Redondela, con ese amor e agarimo polo mundo dos Títeres que só o dá a paixón por un oficio. Redondela e os seus monicreques lembrante sempre.



"Este Festival... cae de caixón"

Nesta XX edición decoramos a nosa vila cuns Teatriños Conmemorativos feitos a partir de caixóns, repartidos nos establecementos dos nosos/as colaboradores/as locais como agradecemento ao seu compromiso co Festival.

Concurso Foto-Selfie

Tes que nos mandar 4 fotos-selfie con 4 teatriños diferentes, hai máis de 15 modelos, só por participar entrarás no sorteo de: entradas, camisetas e teatriños.

Bases : na web e no Facebook do Festival.



"20 anos...non é nada" (Documental)

Un documental realizado por Cuchi Carreira que recolle as vivencias e andainas do Festival Internacional de Títeres de Redondela (Memorial Juanjo Amoedo).

Espectadores, titiriteiros, organización, opinións externas, entrevistas...

unha viaxe ao corazón deste acontecemento teatral a través de imaxes, que recollen a historia vivida nestes 20 anos e que xa pertencen á Memoria Colectiva.

Martes 14 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira. 45'



Ocelot Teatro (El Salvador)

Compañía fundada por José Amaya en 1980, na que os títeres se mesturan co compromiso ante a necesidade dun mundo máis sostible. Ten esa esencia latina dos títeres de luva onde hai unha sinxeleza e unha maxia cativadora.

"La Historia de un huevo perdido" (Luva) 45'
Mamá galiña pon un ovo e chócao. Mais cando sae a comer, un ladrón róuballo. O axente secreto Don Choco, deberán recuperar o ovo nunha aventura arriscada e participativa.

Luns 13 ás 10.30h. e 12.00h. Chapela (escolares)
Mércores 15 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)
Venres 17 ás 17.30h. e 20.30h. Rúa Salgueiral 
Sábado 18 ás 13.00h. Praza do Concello
Domingo 19 ás 19.00h. Praza do Concello 



"Dondésh y Pitón" (Luva) 45'
Dondésh vive da agricultura e da pesca artesanal; o contrario de Don Pitón, quen a diario caza e pesca indiscriminadamente. Pero Don Pitón cae na trampa do armadillo e do coello e necesitará axuda.

Xoves 16 ás 19.00h. Praza do Concello
Sábado 18 ás 18.00h. e 19.30h. Alameda 
Domingo 19 ás 17.30h. Praza do Concello 

Pavel Šmíd (República Checa)

Pavel Šmíd arranca a súa carreira coma titiriteiro no ano 1999 intervindo nunha morea de espectáculos de diferentes compañías. Un artista íntegro que mestura alegría, música e títeres para crear atmosferas cheas de tenrura.

"Una Clase sobre el Tiempo" (Varias técnicas) 50'
Xa van moitos anos dende que un peculiar mestre vai polo mundo dando clases sobre o tempo. Durante esta divertida clase teremos que aclarar unha dúbida importante, é mellor ter preña e facer todo rápido ou é mellor facelo todo amodiño e con mimo?

Martes 14 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)





Títeres sin Cabeza (Aragón)

No 2010, Alicia Juárez e Fernando Martínez abandonan Teatro Arbolé para traballar no seu proxecto en común. O seu derradeiro espectáculo "Recreo" estréase tras dous anos de investigación de teatro de sombras.

"Recreo" (sombras chinesas) 50'

Esta é a historia de Telma, unha grande aventureira que só pensa en atopar tesouros perdidos en lugares remotos, xunto ao seu amigo Luís, á hora do recreo, pero o seu pai está moi preocupado ao ver que a súa filla cada día volta do colexio famenta. Que pasa co bocadillo que lle prepara cada mañá? ...


Xoves 16 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)
Venres 17 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)



"Tuga, hace el payaso" (luva) 45'

A ilusión de Tuga é ser mago pero non é doado. Como que a maxia non é o del. Así, coma moita xente, aparta o seu soño e intenta gañarse a vida como unha persoa "normal", pero cando es pallaso de corazón todo se complica.

Sábado 18 ás 19.30h. Rúa Salgueiral



Inés Pasic (Perú-Bosnia)

Inés Pasic é unha das titiriteiras máis afamadas do mundo, tanto pola súa orixinalidade como pola linguaxe que vén desenvolvendo ao longo da súa carreira, labor emprendida hai moitos anos coa afamada compañía Hugo e Inés. Inés investiga sobre as posibilidades expresivas de cada parte do corpo: pé, xeonllo, ventre, rostro... conformando bonecos de carne e óso.

"Desde el azul" (Composicións corporais) 50'

O espectáculo fala da estrañeza e versatilidade do corpo, a través dunha sucesión de números que compoñen unha rica paleta de facetas da vida: o nacemento, o amor, a ambición...

Mércores 15 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)



Valeria Guglietti (Arxentina)

Especializada en espectáculos de teatro de sombras chinesas proxectadas coas mans á vista do público, A práctica desta disciplina e a investigación son fundamentais na súa carreira. Con misteriosa técnica milenaria, viaxa polo mundo coas súas obras participando nos máis importantes festivais internacionais.

"10 años de sombras" (sombras chinesas) 45'
Unha homenaxe aos dez anos de traxectoria desta fantástica artista, e que mellor maneira de facelo que cunha festa de aniversario onde acoden todos os personaxes, feitos en sombras, que forman parte da historia desta compañía. Arte efémero, pero que perdura na memoria pola súa sinxeleza e polo curioso e magnético das súas historias.

Unha colección de historias proxectadas á vista de todos polo máxico movemento das mans.

Xoves 16 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+7 anos)



Théâtre Jaleo (Francia)

Especial XX edición
"TitiriNoite"

A bailarina Alice Alban-Zapata e o cómico Arnaud Vidal, crean xuntos Théâtre Jaleo, empurrados polo forte desexo de pór en valor o teatro popular, un teatro dirixido tanto ás entrañas como á razón do espectador.

Nun precioso anfiteatro ao aire libre, asistimos a este fabuloso cabaré onde se mesturan a intimidade da danza, coa música e o teatro de marionetas e máscaras.

"Edén" (varias técnicas) 50'

É un cabaré para unha bailadora, 9 títeres e os 7 pecados capitais... 7 historias que se sucederán nunha viaxe onírica.

Un pequeno cabaré que fala da parte escura que todos levamos dentro.

Días: 16, 17, 18 e 19 ás 23.00h. 17 e 18 tamén ás 20.30h.
Avenida Mendiño (Parking depuradora).
Aforo limitado. Prezo especial: 5 € (+10 anos)





Colectivo Cinema Sticado (Galicia)

Este Colectivo dedícase a xogar coa súa cacharrada analóxico-dixital para compoñer películas en directo, ante os ollos dos espectadores cunha linguaxe propia. Ademais as súas dramaturxias xiran sempre arredor dos poderosos e a súa capacidade de manipulación. Cartón, obxectos, personaxes debuxados e sombras son os protagonistas das súas historias.

STRPTS "Fin de Tempada" (varias técnicas) 50'
Dous frikis humanos teñen a misión de facer unha película, unha selva está a piques de desaparecer, dous fuxitivos agardan nunha casa illada, un ministro e o seu fillo ambicionan o poder, e no medio de todos eles.... un maletín. Todo para compoñer con intriga, humor e maxía unha aventura que xira en torno á manipulación e o poder e a posibilidade de combatelo.

Venres 17 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)



Titiriguiri Teatro (Madrid)


Dende a súa creación, esta compañía apostou por facer un teatro de calidade para a infancia, investigando novas formas de comunicación cos nenos/as dende a máis curta idade. Moi recoñecida a nivel nacional polas súas cuidadas montaxes como "El Viaje de Martín", ou "Hay un gallo en tu tejado" que tivemos a fortuna de desfrutar en Redondela.

"Pérez, el ratón, no nace, se hace" 45'
O Rato Pérez é un personaxe moi querido entre os nenos e nenas de moitos lugares do planeta, pero moi poucos saben onde naceu, como medrou, e que foi o que lle fixo chegar a ser o famoso e querido rato dos dentes.

Premio Mellor Espectáculo Festival de Títeres de Tolosa 2018

Sábado 18 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)





La Chana Teatro (Castela-León)

Atraídos pola mestizaxe entre a cultura popular e a vangarda, Jaime Santos e Aurea Pérez uníronse para formar La Chana Teatro. Unha pequena compañía que se nutre de músicos, escultores, escritores, poetas ou taberneiros para dar vida ao xogo do teatro.

"Del Lazarillo de Tormes" (varias técnicas) 60'
A historia "Del Lazarillo de Tormes" é a historia da fame máis que a do home, polo tanto hai máis garavanzos que filosofía nela, máis estómago que enxeño, máis apetito que picaresca, menos lirismo e máis xugo gástrico. Pensen no Lazarillo como un menú de guisos ben cocidos ao longo de case cinco séculos. A fame é finalmente a nosa historia, só ela conta fielmente o que somos.

Sábado 18 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)




Jordi Bertrán (Cataluña)

Esta compañía é unha das máis prestixiosas de Europa, sendo recoñecida a súa traxectoria con numerosos premios nacionais e internacionais. Participou nos máis relevantes festivais das artes escénicas do mundo, realizando xiras por máis de cincuenta países e traballando en programas televisivos.

"Antología" (Fío) 60'
Ópera prima de Jordi Bertrán, estreouse en 1987 e continua en repertorio na actualidade, visitando escenarios dos cincos continentes desde hai máis de vinte anos. Estructurado sobre a fórmula do cabaré, en "Antología", as escenas sucédense nunha estudada cadencia, fundíndose o ritmo do propio espectáculo coa carga emocional de cada unha das personaxes recreadas polo marionetista. "Antología" é historia viva do teatro de marionetas.

Domingo 19 ás 17.00h. e 21.00h. Auditorio (+6 anos)





MG Producciones (Cantabria)

MG crea un departamento de producción artística chamado Birloque Producciones, formado por músicos, actores e manipuladores de títeres xigantes, especializándose en espectáculos itinerantes que mesturan a música en directo coa posta en escena.

"Granujas a todo ritmo" (Itinerante) 45'

Un puñado de músicos moicanos únense para recordar os temas clásicos do Rhythm 'n' Blues. A banda está acompañada de Jacke e Elwood, dous títeres xigantes moi travesos e bailaríns.

Venres 17 ás 18.30h. Ribeira-Alfonso XII

ás 22.15h. Alfonso XII-Ribeira

Sábado 18 ás 19.00h. Alfonso XII-Ribeira

ás 21.30h. Soportais-Ribeira

Domingo 19 ás 13.00h. Soportais

ás 18.00h. Alfonso XII-Ribeira

ás 20.00h. Ribeira-Alfonso XII



Les Contes d'Asphaltdt (Bélxica)

Stef Veters e Anne Vanharen desenvolven un estilo moi persoal co seu teatro ambulante de títeres. Os seus bonecos de tamaño case humano percorren as rúas en pequenas plataformas móbiles e por un momento cobran vida para o noso asombro.

"Octaaph" (Actriz e fío. Itinerante) 30'

Unha misteriosa parella deambula polas rúas acompañada dun curioso personaxe: Octaaph, un grande esqueleto de ave. Dende os currunchos até os outeiros, dende as rúas ás prazas, Octaaph desfruta do mundo e da vida. Todo cambia cando os seus coidadores deciden que xa é momento de... Voar!

Venres 17 ás 12.30h. Alfonso XII-Soportais

ás 18.30h. Alameda

ás 21.00h. Praza da Torre-Alfonso XII

Sábado 18 ás 18.00h. Soportais-Alfonso XII

ás 20.30h. Alfonso XII-Soportais

Domingo 19 ás 17.30h. Alfonso XII-Soportais

ás 19.30h. Alfonso XII-Soportais





TuTatis Teatre (Cataluña)

Os seus espectáculos levan conseguido prestixio e recoñecemento tanto no territorio nacional como no internacional, sendo premiados en importantes festivais. Nas súas postas en escena mesturan un forte impacto visual cunha manipulación moi traballada e moita participación do público.

"Caballs de Menorca" (Itinerante) 60'

Unha visión persoal da celebración menorquina. Un espectáculo que recrea a animalidade primitiva do cabalo e recupera o peso da tradición nunha representación contemporánea. Unha recua de cabalos ao trote convértese nunha celebración da vida.

Venres 17 ás 19.00h. Praza da Torre-Ribeira



Xip Xap Teatre (Cataluña)

A actividade fundamental da compañía é a animación musical, o teatro de rúa e os títeres. Xa levan producidos máis de 50 espectáculos, con máis de 35 anos de carreira e con máis de 10.000 representacións no seu haber. Aquí algúns dos seus recoñecementos:

- Placa al Mérito cultural Ciutat de Lleida. Año 2009
- Premio ARV en la categoría de teatro familiar 2009
- Premio del público Festival de títeres de los Yébenes 15
- Premio Drac d'Or mejor espectáculo de calle 17.
- Premio del público mejor espectáculo temporada 17-18

"Rum Rum...Trasto Karts" (Itinerante) 45'

Unha carreira de coches onde pode pasar de todo. Un condutor malvado pon todas as trampas que ten a man a un científico tolo que, grazas ao seu enxeño, sabe encontrar a solución a todas as trampas. Todo iso comentado por un comentarista deportivo que se transformará nun mecánico ou nun policía, segundo a necesidade do momento.

Sábado 18 ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira
ás 21.00h. Ribeira-Alfonso XII

Domingo 19 ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira
ás 20.00h. Ribeira-Alfonso XII





Tropicallo Títeres (Galicia)

Levan máis de 20 anos apostando polo público infantil. Neste tempo produciron máis de dez espectáculos nos que contan con recoñecidos actores, directores e artistas da escena galega. Participando nalgúns dos máis importantes festivais e feiras do estado.

"**Jiñol**" (Títeres de luva) 55'

A estúpida idea do Sr. Bulú de facerse uns zapatos achega ao teatriño un estraño paquete. As máis absurdas situacións sucedense sen ton nin son.

Venres 17 ás 13.00h. e 18.00h. Praza do Concello



Larraitz Urruzola (Galicia)

Actriz titiriteira, contadora e creadora de propostas escénicas para público infantil e familiar. Conta con montaxes tan aclamadas como "A Viaxe de Rosalía" ou "O Crebanoces".

"**Dona Barriga Verde**" (títeres de luva) 45'

Unha obra de títere de cachiporra, que integra elementos do Barriga Verde con referentes doutras tradicións titiriteiras europeas. Porvez primeira, Barriga Verde, é unha muller.

Domingo 19 ás 19.00h. Rúa Salgueiral



Deabru Beltzak (País Vasco)

Nace en 1996 da man de actores e actrices de diferentes grupos profesionais do País Vasco. Levan máis de 3.000 representacións e colaboran con compañías teatrais de todo o mundo.

"**Tambors de Feu**" (Itinerante) 60'

Aker, o demo do aquelarre e o seu séquito de percusionistas, deambulan polas rúas. Un espectáculo de música en directo, pirotecnia e grandes efectos especiais.

Sábado 18 ás 22.15h. Praza da Torre-Alfonso XII



SolyTierra. Teatro de Títeres (Madrid)

Dende os seus inicios, a compañía mantivo unha liña de traballo sempre con valores para a crianza, sendo a súa ópera prima a montaxe: "Buscando outro bosque", espectáculo que xa trataba da sensibilización medioambiental, no ano 1982. Co tempo a compañía converteuse nun proxecto familiar e de vida onde xa é a segunda xeración a que leva as rendas.



"Fuenteovejuna" (varias técnicas) 50'

Nesta versión de "Fuenteovejuna", o pobo está representado por un rabaño de ovellas e o Comendador é un can. Así, a historia trasládase a un mundo máis próximo ás fabulas, máis inocente e sinxelo, para adecualas a unha sensibilidade co público infantil. Unha versión moi divertida deste clásico cunha linguaxe directa e atractiva, apenas sen palabras.

Sábado 18 ás 19.00h. Campo da Petanca

Domingo 19 ás 18.30h. Campo da Petanca



Pizzicatto Teatro (Arxentina)

Fundada por Gerardo Biando e Rosana Beldarrain. O seu traballo abrangue a produción de obras de títeres, a realización de festivais ou incluso a cooperación en proxectos sociais.

"El caballero sin caballo" (varias técnicas) 30'

Unha historia de corte medieval convertida nunha obra hilarante de disparatados xogos de palabras e de acción títriteira.

Venres 17 ás 18.00h. e 21.00h. Campo da Petanca

Domingo 19 ás 12.30h. Praza do Concello
ás 18.00h. Alameda



"A todo trapo" (varias técnicas) 30'

Cuns poucos trapos e maxia nas mans, nacen personaxes eternos da poética das pampas. Unha historia de amor, acción e disparates que desesperadamente nos trae un peculiar xogar.

Sábado 18 ás 17.30h. e 20.30h. Praza do Concello



Mutis Teatro (Castela-León)

Traballando sempre a partir de textos propios ou versións, buscan nos espectáculos a diversión do xogo escénico e a comunicación directa co público a través da emoción, a reflexión e a festa.

"El Tesoro de la Serpiente Guaguadú" 60'

No corazón de África, agochado na selva prohibida, está o tesouro da serpe Guaguadú. O rei dos Sagoni é o único que pode chegar ata el, grazas ás tres chaves máxicas que lle guían e protexen. A sospeita de que queren roubarlle as chaves fai que o rei pida o seu amigo Al Bakric, o mercador cordobés, que llas esconda na súa terra unha tempada...

Sábado 18 ás 20.00h. Casa da Torre

Domingo 19 ás 19.00h. Casa da Torre



Compagnie Machtiern (Francia)

Esta compañía reúne a artistas cunha longa experiencia no teatro de rúa, actores e actrices ou construtores/as que interveñen como equipo creativo estable nos seus proxectos. A súas obras están inspiradas nos imaxinarios populares para desvirtualos na creación e ofrecer ao espectador imaxes impactantes, nun intento de recuperar a rúa coma espazo público.

"Le Flamant Rose" (Itinerante) 30'

O flamengo é un xoguete mecánico xigantesco, un gran paxaro que evoluciona nas rúas, e que toma vida baixo a acción dos manipuladores. A construción estilizada da estrutura resalta o movemento dándolle vida ao títere. O Flamengo rosado é parte do espazo urbano, como unha escritura poética, e embarca ao público nunha migración imaxinaria. Unha das marionetas articuladas máis grandes de Europa.

Domingo 19 ás 13.30h. Alfonso XII-Soportais
ás 18.30h. Soportais-Ribeira
ás 20.30h. Ribeira-Casa da Torre





A Gramola Gominola (Música)

Composta por Paula Romero, Ro Muñoz, Anxelo de Xermar e Paco Cerdeira, é un grupo de música infantil, en galego, pensado para as máis pequenas e pequenos da casa. Pero non é un grupo máis, é unha banda de rock!!

"**Bravas. O Rexurdir da luz**" (concerto) 60'
Este espectáculo de auténtico Rock&Roll pon en valor ás Superheroínas que tratan de cambiar o mundo cos seus superpoderes. Estas son as BRAVAS, mulleres que inspiran e dan luz ao mundo.

Premio Martín Codax da Música 2018

Venres 17 ás 20.00h. Casa da Torre



Relámpago (Música) 45'

Grupo redondelán de rock cunha proposta musical cargada de forza, entusiasmo e moita enerxía, eles son : Omar Cadilla, Martín López, Saúl Amoedo e Martín Iglesias. Xente nova que representa o futuro de Redondela, para festexar esta edición especial dos 20 anos do Festival de Títeres co cal medraron. Unha nova xeración á que hai que darlle paso.

Venres 17 ás 20.00h. Paseo da Xunqueira



The Turre's Band (Música) 45'

Cunha formación composta por ventos e percusións, TheTurre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega. Unha banda moi querida para este Festival onde tantas veces temos bailado cos seus ritmos.

Venres 17 ás 14.00h. Sopotais
ás 17.30h. Alfonso XII
ás 20.00h. Alameda
ás 22.15h. Paseo da Xunqueira



Cé orquestra pantasma (Música)

Home orquestra animoso e polivalente: "Poli" por que toca unha chea de instrumentos; e "valente" porque se atreve con todo: música tradicional, rock 'n' roll, cantautores, tralla verbeneira...

"A voar" (Concerto) 45'

Pretende axudar aos nenos e nenas a reivindicar a confianza necesaria para satisfacer as súas necesidades de liberdade, movemento e xogo libre. Así pois, nenos e nenas... a voar!!

Sábado 18 ás 18.00h. e 20.00h. Pista da Xunqueira




Paco Nogueiras (Música)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Foi actor e percusionista de Els Comediants e Os Quinquilláns. Na actualidade forma parte da compañía Os Tres TENedORES e da Campaña de Animación á Lectura de Kalandraka.

Radio BuleBule (Concerto) 50'

Abre as orellas! Sintoniza Radio BULEBULE, transmitindo para o mundo en linguaxe universal. Vén vivir a radio en directo nun divertido programa cheo de humor, baile e cancións.

Domingo 19 ás 18.00h. e 19.30h. Pista da Xunqueira



Ruada "Redondela é un conto"

Un ano máis, Xente Titiriteira propón unha ruada, un paseo, un percorrido onde grandes e pequenos poidan participar de maneira activa. Nesta XX edición, queremos facer de Redondela un lugar máxico cheo de personaxes fantásticos saídas dos contos, da tradición oral, do cómic ou do cine de animación... convidámosvos a vir vestidos de calquera personaxe fantástica que queirades. Coa colaboración de MG Producciones, Xip Xap Teatre e Educateatro.

Domingo 19 ás 11.45h. Saída: A Portela.

Percorrido: A Portela-Ribeira-Casa do Concello



Casa dos Xogos (Espazo Lúdico)

O xogo é parte da cultura. Os xogos, coma os seres humanos, desprázanse, adaptaciónse, cambian de regras, pero manteñen as súas esencia. O patrimonio lúdico co que contamos debe ser coñecido e recoñecido. A Casa dos Xogos é unha ludoteca chea de vida, diversión e aprendizaxe pero sobre todo é un punto de encontro interxeneracional.

Venres 17 de 12h. a 14h. e de 17h. a 21h. Pista da Xunqueira
Sábado 18 de 17h. a 21h. Pista da Xunqueira
Domingo 19 de 12h. a 14h. e de 17h. a 21h. Pista Xunqueira



Exposición "Marionetas do Mundo"

"Marionetas do mundo. Un Mundo de Marionetas"
Exposición organizada polo Museo Galego da Marioneta e Viravolta Títeres.

O teatro de marionetas esténdese practicamente pola totalidade dos pobos do mundo. Nesta exposición percorrерemos dende os teatros tradicionais de Asia vinculados ós cultos relixiosos e agrarios, ata as marionetas case industrializadas do mundo occidental.

Multiusos da Xunqueira, do 14 ao 20 de maio



Títeres pola gorra

É a sección do festival que abre as portas a diversas compañías que, sen estar na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo, no marco incomparable que é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do titiriteiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra. Convidámosvos a participar e gozar desta tradición, descubriendo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila.

Rogamos ás compañías que queiran participar pasen polo Multiusos da Xunqueira o mesmo día da actuación para concretar espazo e recoller o cartaz de títeres pola gorra.